



O Clúster Audiovisual
Servizos Corporativos
Catálogo Sectorial On line

Novas

Entrevistas

Histórico Boletín

Axenda

Ligazóns de interese

Sólo Socios



Socios Clag

- >> Produtoras
- >> Servizos
- >> Formación
- >> Entidades

Buscador

Acceso Usuarios

[¿Esqueceu o seu contrasinal?](#)

Boletín

Para darse de alta / baixa introduza o seu mail.

Novas

luns 9 de Marzo de 2009. Actualizada: 13:12H



<DIV>



As empresas do CLAG comprobán en Cartoon Movie a boa percepción que ten Europa da animación de Galicia

09-03-2009 Os responsables das empresas galegas asociadas ao CLAG que asistiron ao Cartoon Movie, do 4 ao 6 de marzo, regresan de Lyon co orgullo de comprobar a boa percepción que ten Europa da animación que se fai en Galicia e satisfeitos da oportunidade de visionar algunhas das producións que van marcar tendencia no sector.



A delegación empresarial galega -formada por Abano Producións, [Bren Entertainment](#), [Ficción](#), [Continental](#), [Dygra Films](#) e [Perro Verde Films](#)- coincide en destacar as portas que se lles abren neste cumio da animación europea que é [Cartoon Movie](#). Todos coinciden en que a excelente presentación de "O linxe perdido", coproducida por Perro Verde Films, como película nominada aos premios Cartoon Movie Tributes 2009, na categoría de mellores produtores de animación de Europa, foi unha mostra da solvencia das producións con marca de Galicia. O director de Perro Verde, Manuel Cristobal, regresa entusiasmado porque, aínda que finalmente non se alzou co premio, a nominación xa supón a honra de terse codeado cos grandes da animación europea.



En xeral, valoran especialmente os contactos de negocio con produtores e distribuidores de todo o continente e, tamén, a oportunidade de visionar o máis novo. Entre todas as películas, unha interesoulles en especial. Trátase dunha longametraxe de Bélxica realizada en 3D con técnica estereoscópica, titulada *Ao redor do mundo en 50 anos*, que conta a vida dunha tartaruga, cunha historia e uns personaxes impresionantes.

Ana Staton, de Ficción Producciones, destaca ocaudal de información recabada, os contactos e "as portas que se nos abren para colocar ficha nun futuro para novos proxectos". Iria Castro, de Continental, aprecia sobretudo a oportunidade de coñecer o que fan outros países e comprobar a boa percepción que hai en Europa da animación que se fai en Galicia. Pola súa banda, Chelo Loureiro, a pesares de lamentar ausencias notables, que atribúe á crise, regresa triplemente contenta, porque venderon a dous países *De Profundis* e *A crise carnívora*; porque esta última foi seleccionada para o festival AniFest, da República Checa, que se celebra no mes de maio; e porque contactou con produtoras interesadas nos proxectos de Abano Producións.

CWS!
%xœÖšy4Ôiûy†iÊ
²Tv†Ê¾ËšÑ2zç})¹
[<0-~Á T\$²d™ a~
“(YÒâ÷šÆûó9;ßù}

Lucas Mackey, produtor executivo de Dygra, resume que se cumpriron as expectativas da produtora en Cartoon Movie, con numerosos contactos establecidos e información sobre proxectos interesantes. Amais, valora moi positivamente a organización e apoio prestado polo CLAG nesta misión empresarial.

Fotogalería: o CLAG no Cartoon Movie en Lyon

ÿüž9Ç9-ûz<-û¼-ë°
—xy Ü »»0





[Voltar](#)

galego | castelán



Polígono Novo Milladoiro Rúa Oliveira,
nave nº96 B 15896 Milladoiro - Ames Tlfs: 981 53 59 18 - 981 94 17 92
[Nota legal](#) Email: cluster@claq.es